

AYUNTAMIENTO DE PONTE CALDELAS -

PROVINCIA : PONTEVEDRA



ESTATUTOS DE LA COMUNIDAD DE USUARIOS DE ANCEU

Año 2.004.

ANCEU - PONTE CALDELAS



INDICE.

TÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS: DENOMINACIÓN,
OBXECTO, FINALIDADE, DURACIÓN,
ENDEREZO

TÍTULO II - DA ADQUISICIÓN, PERDA E TRANSMISIÓN DA
CONDICIÓN DE MEMBRO

TÍTULO III - DEREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS
ASOCIADOS

TÍTULO IV - ÓRGANOS DA COMUNIDADE

TÍTULO V - A ASAMBLEA XERAL

TÍTULO VI - A XUNTA DIRECTIVA

TÍTULO VII - DO PRESIDENTE,
VICEPRESIDENTE E SECRETARIO DA
ASAMBLEA XERAL E DA XUNTA
DIRECTIVA

TÍTULO VIII - DO XURADO

TÍTULO IX - RÉXIME ECONÓMICO -
ADMINISTRATIVO: PATRIMONIO SOCIAL.
EXERCICIO ECONÓMICO. CONTAS
ANUAIS

TÍTULO X - DAS INFRACCIONES E SANCIONES

TÍTULO XI - DA COMUNIDADE EN XERAL E REFORMA
DOS ESTATUTOS

TÍTULO XII - DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA
COMUNIDADE

TÍTULO XIII - DISPOSICIÓN FINAL

**TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS:
DENOMINACIÓN, OBXECTO, FINALIDADE,
DURACIÓN, ENDEREZO**

Artigo 1.- DENOMINACIÓN

Ó amparo e de conformidade co establecido no art. 81.1 do Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, e o art. 198 do Real Decreto 849/86, de 11 de abril polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, e tendo en conta as normas da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, constitúese a Comunidade de Usuarios de **Anceu**, en la parroquia de **Anceu**, concello de **Ponte Caldelas** (Pontevedra), que adoptará a forma de Estatutos, someténdose os partícipes da Comunidade ás súas disposicións.

Artigo 2.- OBXECTO

O obxecto fundamental desta Comunidade é que a mesma se constitúa en Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia para a representación e defensa dos intereses dos comuneiros fronte a terceiros, e resolve-las cuestiós litixiosas que se susciten entre os usuarios. A estes efectos para a observancia destes Estatutos, os comuneiros renuncian a toda xurisdicción ou foro sempre e cando se respecten os seus dereitos e a normativa en vigor que existe ó respecto.

Artigo 3.- FINALIDADE

A principal finalidade da Comunidade que agora se crea radica no aproveitamento de augas domiciliarias ás vivendas dos usuarios (relacionados ó final destes Estatutos) de augas procedentes do manantiales denominados, **Captaciones**, núm 1: denominada "Carballeira

Grande", captación, núm 2: denominada "Mina do Morrillo", captación, núm 3: denominada "Curros", captación, núm 4: ."A Brea", captación, núm. 5 "Outeiro do Pino", captación núm. 6: denominada "O Tomo" y captación núm. 7, denominada "Os pereiros", para usos domésticos.

Neste sentido a Comunidade encamiña a súa actividade a:

- Aproveitamento racional e xusto das augas, de conformidade cos usos e costumes que ata o momento presente se veña observando.
- Promove-las medidas necesarias para a construcción e conservación das instalación destinadas a este aproveitamento.

- Solicita-lo apoio financeiro (crédito e/ou subvencións) tanto de Organismos oficiais como de entidades privadas.
- Calquera outra finalidade que directa ou indirectamente relacionada co exposto, non contraveña o presente Estatuto e sexa adoptada pola Xunta Xeral.

Artigo 4.- DURACIÓN

A presente Comunidade constitúese por tempo indefinido e exercerá as súas actividades ata tanto en canto non se produza ou concorra unha das causas de extinción do art. 53 do presente Estatuto.

Artigo 5.- ENDEREZO

O domicilio social fixarase en **Casa Cultural de la Parroquia**, podéndose traslada-lo mesmo a outra local por acordo da Xunta Xeral.

TÍTULO II.- DA ADQUISICIÓN, PERDA E TRANSMISIÓN DA CONDICIÓN DE MEMBRO.

Artigo 6.- ADQUISICIÓN

A condición de membro da Comunidade adquirirase:

- Pola subscrición da acta de constitución.
- Pola adhesión e sinatura do presente estatuto.

A adhesión poderá ser solicitada por calquera que sexa propietario da parroquia de Anceu , concello de Ponte Caldelas (Pontevedra).

A solicitude farase por escrito dirixida ó Presidente da Xunta de Goberno, na que ademais o seu sometemento ó presente Estatuto e demais normas xerais que sexan de aplicación ás

Comunidades de Usuarios, especificándose os datos relativos ó aproveitamento que se pretende.

A aprobación da adhesión efectuarase pola Asemblea Xeral por mayoría absoluta en primeira convocatoria e mayoría simple en segunda convocatoria, debendo asina-lo presente Estatuto no prazo de 10 días, entendendo que renuncia á súa incorporación, se non o fai nese período.

Das novas incorporacións darase conta ó Organismo de Conca.

Artigo 7.- PERDA

Perderase a condición de membro da Comunidade polas seguintes causas:

a.- Renuncia voluntaria: Cómprase a comunicación por escrito dirixido ó Presidente da Xunta Directiva cun mes de antelación, como mínimo, a data na que se pretenda facela efectiva.

b.- Acordo da Asemblea Xeral: Cómprase unha mayoría de 2/3 dos votos emitidos e a proposta da Xunta Directiva e sempre que se dea algúna destas causas:

- Incumprimento reiterado das normas establecidas nos presentes Estatutos, ou dos acordos adoptados por Órganos da Comunidade que ocasionen graves prexuízos a esta.
- Comportamentos que vaian en contra dos intereses xerais da Comunidade, que perturben a boa marcha dun modo reiterado e que impidan de forma total ou parcial a súa actividade.

A perda da condición de membro por calquera dos motivos antes expostos levará consigo a liquidación da participación do mencionado usuario no patrimonio social, manténdose o deber de cumplirlas obligacións contraídas ata a data da súa baixa, en particular, a de satisfacer as cotas vencidas ata ese momento.

Artigo 8.- TRANSMISIÓN

- A condición de usuario poderá transmitirse:
- a.- Por actos inter-vivos. Los contratos de cesión deberán ser formalizados por escrito y puestos en conocimiento del Organismo de Conca y de la Comunidad de Usuarios a las que pertenezcan el cedente y cesionario, mediante el traslado de la copia de contrato en el plazo de quince días desde la fecha de la firma.
 - b.- Por acto motis-causa. Unha vez feita a comunicación á Xunta Directiva da persoa que continuará no uso da auga, es comunicada tamén a transmisión ó Organismo de Conca.

TÍTULO III. DEREITOS E OBRIGACIÓN DOS MEMBROS ASOCIADOS

Artigo 9.- DEREITOS

Os membros da Comunidade terán dereito a:

- Elixir e ser elixidos para exercer los cargos representativos da Comunidade.
- Asistir ás reunións da Asemblea Xeral con voz e voto, e ós demais órganos da Comunidade con voz, exercendo o dereito ó voto naqueles casos en que forme parte dos mesmos.
- Intervir na xestión administrativa e económica da Comunidade nos termos previstos nos Estatutos
- Usa-los servicios de información e asesoramento que no seu caso estableza a Organización.

- Ser representados , de acordo co preceptuado no artigo 201.8 a) e b) do Regulamento do Dominio Público Hidráulico do 11 de abril de 1986.

- Exercer, en xeral, tódalas actividades que se deriven dos fins da presente Comunidade.

Artigo 10.-

Os usuarios pactan a indivisibilidade dos bens comúns, durante o tempo de duración do abastecemento, e si por calquera motivo, algúm dos partícipes pretendese a división ou disolución da Comunidade ou fose expulsado da mesma por incumprimento das súas obrigacións, non recibirán indemnización algunha e perderá o dereito ó uso da auga.

Quen voluntariamente, e sen causa xustificada, desexe darse de baixa na comunidade de usuarios , non terá dereito á devolución das achegas monetarias efectuadas con cargo á súa

condición de usuario do aproveitamento para o que se constituíu a comunidade.

Artigo 11.-

A conducción para a vivenda beneficiaria dá dereito ó uso da auga, de forma e coas limitacións que se establezan para todos os usuarios.

Esta acometida poderá trasladarse a outra vivenda sempre que se corte o suministro de auga á anterior, sendo de conta do usuario tódolos gastos que ocasionen e se leve a cabo de forma que non prexudique ós demais usuarios.

Artigo 12.- OBRIGACIÓNNS

Os membros da Comunidade están obligados a:

- Cumpri-lo presente Estatuto e demais normas de xeral aplicación.

- Cumpri-los acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva a Asemblea Xeral e Xurado.
- Comunicar cun mes de antelación, como mínimo a súa renuncia á condición de membro da Comunidade.
- Contribuír á limpeza dos depósitos, arquetas e demais puntos das instalación cando así estableza a Xunta Directiva.
- Utiliza-la auga dun modo racional con arranxo a criterios de boa fe e respecto dos dereitos e intereses dos demais usuarios.
- As achegas económicas anuais de 30,00 €, que poderán ser modificadas por acordo da maioría absoluta da Asemblea Xeral.

En todo caso, ningún comuneiro poderá ser exonerado por enteiro de obrigacións e cargas inherentes á súa participación no aproveitamento colectivo de augas e nos demais elementos

comúns, segundo o establecido no artigo 201.8 parágrafo e) do RDPh.

Artigo 13.- OBRAS A REALIZAR

Os asinantes do presente Estatuto, a fin de garanti-lo correcto aproveitamento de augas procedentes do mananciais: **Captaciones**, núm 1: denominada "Carballeira Grande", captación, núm 2: denominada "Mina do Morrillo", captación, núm 3: denominada "Curros", captación, núm 4: "A Brea", captación, núm. 5 "Outeiro do Pino", captación núm. 6: denominada "O Torno" y captación núm. 7, denominada "Os pereiros", realizarán as seguintes obras:

a.- Construcción dunhas arquetas de captación no mananciais que terá unhas dimensións, captación, núm 1.: 4,00 x 0,80 m, en planta e 1,40 m. de profundidade; captación, núm 2.: 1,20 m, de diámetro e 1,30 m. profundidade; captación, núm 3.: 1,40 x 1,50 m., en planta e 1,50 m. de profundidade: captación, núm 4.: 2,00

x 1,70 m., en planta e 1,20 m. de profundidad captación, núm 5.: tiene una profundidade de 70,00 m e un diámetro de 125 m/m; captación núm 6: ten un diámetro 1,30 m. e unha profundidade de 3,80 m; e a captación núm.. ten un diámetro de 1,30 m. e unha profundidade de 2,50m.

Das mencionadas arquetas partirán la intubación en disposición subterránea de PEBD de 63 m/m. 6 Atm. en dirección a el arqueta de reunión cunha distancia aproximada de 730,0 metros. Desde la arqueta de reunión parte tubería de conducción, de PEBD -75 m/m 6 Atm hasta el depósito regulador, con una distancia aproximada de 1.300,00 m.

A intubación a saída das arquetas vai por o monte comunal y fincas dos vecíños hasta o depósito regulador y desde el depósito regulador hasta las viviendas a abastecer teria que cruzar principalmente, viales públicos.

Constituíndose a servidume de acueducto sobre os terreos referidas e responsabilizándose

Comunidade Anceu a cerra-la gabia unha vez introducida a intubación.

b.- O depósito de reparto, cunhas dimensións de 7,80 m., de diámetro, e unha altura de 2,40m. quedando este dividido en ou só compartimento.

c.- A conducción da auga dende o depósito de reparto ata os respectivos domicilios farase mediante entubados generales de PEBD-50 m/m. 10 Atm. y otra de PEBD - 63 m/m. 10 Atm. que, partindo do depósito regulador, vai distribuyendo as augas as billas dos usuarios, sen que poida existir ningún depósito de acumulación intermedio.

d- El caudal de agua por habitante/día será el dispuesto al efecto en el Plano Hidrológico de Galicia Costa, ó el que en un futuro acuerde el Organismo de conca.

O domicilio más achegado ó depósito será o de D. Eulogio López Iglesias , a 190,00 metros, e o más distante o de D. Amador Pán Pazos, que dista uns 940,00 metros.

El mantenimiento de las instalaciones será por cuenta de los comuneros que forman la

presente Comunidad, cuidando en todo momento que el mismo esté operativo.

TÍTULO IV. ÓRGANOS DA COMUNIDADE

Artigo 14.- ÓRGANOS COLEXIADOS UNIPERSOAIS E

Para a súa representación, governo e administración, a Comunidade contará cos seguintes órganos:

Órganos colexiados:

- A)- Asemblea Xeral
- B)- Xunta Directiva ou de Goberno.
- C)- O Xurado

Órganos unipersoais:

- A)- Presidente
- B)- Vicepresidente
- C)- Secretario
- D)- Tesoureiro- Contador
- E)- Vocais da Xunta de Goberno

Para o desempeño de tales cargos deberanse reunir os seguintes requisitos:
- ser partícipe da Comunidade.
- ter plena capacidade xurídica e de obrar.

TÍTULO V. A ASEMBLEA XERAL

Artigo 15.- COMPOSICIÓN

Constitúe o órgano soberano da Comunidade e estará composta pola totalidade dos usuarios. Ata a súa constitución, crérase unha

comisión xestora composta por 6 veciños coa facultade única e exclusiva de contratar material, mañan de obra ou servicios técnicos para executar las obras necesarias.

Artigo 16.- FUNCIONAMENTO

A Asemblea Xeral reúneese con carácter ordinario e extraordinario.

Con carácter ordinario reunirase alomenos unha vez ó ano dentro dos primeiros meses de cada exercicio, previa oportuna convocatoria para tratar da análise da marcha da Comunidade e a xestión da Xunta Directiva, aproba-las contas e balance do exercicio anterior e resolver, no seu caso, sobre os fins ós que se aplicarán os fondos sociais.

Toda Asemblea que non sexa a prevista anteriormente, terá carácter de extraordinaria, e terá lugar cando o acorde a Xunta Directiva ou se soliciten 2/3 dos membros da Comunidade

Na Asemblea Xeral non poderá tratarse ningún asunto que non se inclúa previamente na orde do día.

Artigo 17.- COMPETENCIAS

Será competencia da Asemblea Xeral:

- A elección do Presidente, Vicepresidente da Comunidade de Usuarios, do Secretario, Tesoureiro e Vocais, titulares e suplentes da Xunta Directiva ou de Goberno, a do Vocal ou Vocais que, se é o caso, haberán de representarlle na Comunidade Xeral ou Xunta Central, a dos seus representantes no Organismo de conca respectivo, e outros Organismos.

- O Presidente, vicepresidente e o Secretario da Comunidade serano tamén da Xunta de Goberno agás que na designación se dispoña o contrario.

- A redacción dos proxectos de Estatutos da Comunidade e Regulamentos da Xunta de Goberno

e do Xurado, así como as súa modificación respectivas.

- O exame da memoria anual e a aprobación dos orzamentos de gastos e ingresos e o das contas anuais, presentados pola Xunta de Goberno.

- A imposición de derramas e a aprobación dos Orzamentos adicionais.

- A adquisición e alleamento de bens, sen prexuízo das facultades que, neste aspecto, competen a Xunta de Goberno.

- A aprobación dos proxectos de obra preparados pola Xunta de Goberno e a decisión da súa execución.

- A aprobación do ingreso de calquera que, co dereito ó uso da auga, o solicite.

- A autorización previa, sen prexuízo da que corresponde outorgar ó Organismo de conca,

usuarios ou terceiras persoas para realizar obras nas captacións, conduccións ou instalación da Comunidade co fin de utilizar mellor a auga.

- A solicitude de novas autorizacións ou concesións.

- A solicitude de beneficios económicos, créditos ou subvencións, da expropiación forzosa ou a imposición de servidumes en beneficio da Comunidade.

- A decisión de traslada-lo domicilio social.

- A decisión de asuntos que lle sometese a Xunta de Goberno, o Xurado, ou calquera dos comuneiros.

- Calquera outra facultade non atribuída especificamente a outro órgano.

Artigo 18.- CONVOCATORIA

A convocatoria farase polo Presidente da Comunidade, alomenos con 15 días de antelación á súa celebración, mediante anuncios no BOP e nos sitios de costume do municipio, indicando claramente os asuntos a tratar na Orde do Día, a celebración en primera y segunda convocatoria - caso de falta de quórum- sen variación do resto de circunstancias, e o lugar, día e hora de celebración.

En relación á reforma do Estatuto, no que afecte á continuidade da Comunidade, a convocatoria terá ademais a axeitada publicidade, mediante notificacións persoais e publicación en diarios de maior difusión da zona.

Non obstante o anterior, entenderase validamente constituída a Asemblea Xeral en primeira convocatoria cando estean representados 2/3 dos membros da Comunidade e en 2^a convocatoria cando asista a maioría dos comuneiros.

Do mesmo xeito quedará validamente constituída cando están presentes ou representados en forma bastante tódolos usuarios, e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Asemblea.

Artigo 19.- ACORDOS

A Asemblea Xeral adoptará os acordos por maioría absoluta de votos si se celebra en primeira convocatoria e por maioría simple dos votos dos asistentes en segunda convocatoria.

Exceptúanse da regra anterior os acordos adoptados en Asembleas Xerais onde se trate de :

- a.- Aumento e reducción do número de membros.
- b.- Disolución, transformación, absorción ou fusión da Comunidade.
- c.- En xeral, calquera modificación da presente Comunidade.

Nestes casos será precisa a concorrencia en primeira convocatoria dos 2/3 dos usuarios da Comunidade, debendo adoptarse os acordos por mayoría absoluta. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia da mayoría dos comuneiros e o voto favorable da mayoría dos asistentes.

O voto será secreto, agás que solicite alomenos 1/3 dos membros da Comunidade.

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os adoptados en sesións ordinarias sobre temas non incluídos na orde do día, salvo casos de urxencia e co voto favorable da mayoría absoluta dos comuneiros.

ARTIGO 20.- ASISTENCIA E REPRESENTACIÓN

Tódolos membros da Comunidade terán dereito a participar no funcionamento da

Comunidade e a ser elixidos para desempeñar calquera cargo, xa o fagan directamente, xa a través dos seus representantes legais.

A representación voluntaria deberá ser conferida, en todo caso, expresamente e por escrito agás limitación en contra establecida ó outorgarlle a representación, o representante voluntario considerarase facultado para participar na adopción da calquera acordo da Comunidade, pero en ningún caso poderá substituír ó proxectado no desempeño dun cargo nin ser elixido para ocupalo.

Tódolos membros da Comunidade terán dereito a voto, sen que a ningún poida corresponderlle máis do 50 % do conxunto dos comuneiros calquera que sexa a súa participación daquel nos elementos comúns e conseguintemente nos gastos da Comunidade.

Calquera que sexa a súa cota de participación nos elementos comúns tódolos propietarios terán dereito a voto de acordo co

consignado nos Estatutos da comunidade, podendo agruparse en todo caso, ata alcanza-lo mínimo esixido para o exercicio directo do dereito ó voto.

Ningún comuneiro poderá ser exonerado por enteiro das obrigas e cargas inherentes a súa participación no aproveitamento colectivo de augas e nos demais elementos comúns. Tampouco poderán establecerse pactos ou cláusulas estatutarias prohibitivas da realización das derramas necesarias para subverte-los gastos da comunidade e o cumprimento das demais obrigas da mesma, ou polos que se exima de responsabilidade ós cargos da Comunidade.

Artigo 21.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

A Asemblea Xeral celebrarase dentro do seu ámbito territorial, fixándose en cada convocatoria o lugar exacto de celebración.

Artigo 22.- FORMA DE CELEBRACIÓN

Todo o que antecede ó desenvolvemento das deliberacións, forma de tomarse no uso da palabra, sistema de votación e calquera outra incidencia resloverase polo Presidente da Comunidade.

Artigo 23.- ACTA

Do resultado das Xuntas Xerais redactarase unha acta que se estenderá no libro correspondente no mesmo momento da celebración, polo Secretario, e deberá ser subscrita polos membros da Xunta de Goberno para dar fe da súa veracidade, podendo calquera dos usuarios solicita-la lectura en voz alta das mesmas ou proceder persoalmente á mencionada lectura.

TÍTULO VI. A XUNTA DE GOBIERNO OU XUNTA DIRECTIVA

Artigo 24.- COMPOSICIÓN

A execución dos Estatutos e Ordenanzas dos acordos propios e dos adoptados pola Xunta Xeral, encoméndase á Xunta de Goberno que nomeada pola Asemblea Xeral, estará composta por un mínimo de seis membros e un máximo de dez, comprendendo entre eles, un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro. O resto dos membros será vocais, entre os que figurará se así o aproba a Xunta Xeral, a representación dos usuarios que pola súa situación ou orde de establecida sexan os últimos en recibela auga. A elección destes membros recaerá entre os partícipes da Comunidade.

O Presidente, Vicepresidente e Secretario serán tamén os da Asemblea Xeral, e serán nomeados por esta, elixindo ó Tesoureiro Contador

responsable dos fondos comunitarios, a propia Xunta de Goberno de entre os seus vocais.

Artigo 25.- CONSTITUCIÓN

A Xunta de Goberno entenderase validamente constituída cando concorran á reunión a metade más un dos comparecientes, debendo asistir obrigatoriamente o Presidente e o Secretario. O Presidente poderá substituílo o Vicepresidente.

Os acordos adoptaranse por maioria absoluta dos membros que concorran á reunión, sendo a votación por escrito, agás petición en contra de 2 ou máis membros da Xunta de Goberno.

A efectos de quórum poderá delegarse a representación noutro membro, pero terá que ser por escrito e con carácter especial para cada reunión.

A Xunta de Goberno reunirase polo menos veces ó ano, cando o convoque o Presidente ou soliciten 2 ou máis membros.

A delegación permanente de facultades da Xunta requirirá para a súa validez o voto favorable das 2/3 partes dos seus componentes, e non producirá efecto algúns ata a súa formalización en documento público. Deste acordo de delegación darase coñecemento ós usuarios na primeira Xunta Xeral que se celebre, así como ó Organismo de conca respectivo se así fose procedente.

Artigo 26.- FACULTADES

- Son atribucións da Xunta de Goberno:
- a.- Velar polos intereses da Comunidade, promove-lo seu desenvolvemento e defendelos os seus dereitos.

- b.- Nomear e separa-los empregados da Comunidade na forma que estableza o seu Regulamento e a lexislación laboral.
- c.- Redacta-la memoria, elabora-los presupostos, propoñe-las derramas ordinarias e extraordinarias e rende-las contas, sometendo unhas e outras á Asemblea Xeral.
- d.- Ordena-la inversión de fondos con suxección ós presupostos.
- e.- Forma-lo inventario da propiedade da Comunidade, cos padróns xerais, prazos e relacións de bens.
- f.- Presentar a Xunta Xeral a lista dos Vocais da Xunta de Goberno e do Xurado que deban cesar nos seus cargos con arranxo ós Estatutos.

- g.- Acorda-la celebración de Asemblea Xeral extraordinaria da Comunidade cando o estime conveniente ou o pidan as dúas terceiras partes (art. 16) dos membros da Comunidade, ou a mayoría de ditos usuarios.
- h.- Someter á Asemblea Xeral calquera asunto que estime de interese.
- i.- Dispo-la redacción dos proxectos de reparación ou de conservación que xulgue conveniente e ocuparse da dirección e inspección das mesmas.
- k.- Conserva-los sistemas de modulación e reparto das augas.
- l.- Ordena-la redacción dos proxectos de obras novas, encargándose da súa execución unha vez que fosen aprobados pola Asemblea Xeral. En casos extraordinarios e de extrema urxencia que non permitan reunir á Asemblea Xeral, poderá acordar e emprender, baixo a súa responsabilidade a execución dunha obra nova, convocando o antes posible a Asemblea para darrle conta do seu acordo.
- m.- Dicta-las disposicións convenientes para mellora-la utilización das augas, respectando os dereitos adquiridos.
- n.- Resolve-las reclamacións previas ó exercicio das accións civís e laborais que se formulen contra a Comunidade, de acordo coa Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- o.- Facer que se cumpra a Lexislación de augas, as Ordenanzas da Comunidade e os seus regulamentos e as ordés que lle comunique o Organismo de Conca, solicitando o seu auxilio en defensa dos intereses da Comunidade.

- p.- Propoñer á aprobación da Asemblea Xeral as disposicións do Estatuto así como a súa modificación e reforma.
- q.- Cantas outras facultades lle delegue a Asemblea Xeral ou se infiran deste Estatuto e das disposicións vixentes e, en xeral, canto fose conveniente para o bo governo e administración da Comunidade.

Artigo 27.- RECURSOS

Os acordos da Asemblea Xeral son susceptibles de impugnación por medio de recurso de Alzada ante o Organismo de Conca, no prazo de un mes, segundo o artigo 84.5 do T.R.L.A. en relación co artigo 227 do RDPH.

TÍTULO VII.- DO PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE E SECRETARIO DA ASEMBLEA XERAL E DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 28.-

Os cargos de Presidente, Vicepresidente e Secretario da Asemblea Xeral e do Presidente, Vicepresidente e Secretario da Xunta de Goberno recaerán nas mesmas persoas, respectivamente.

A duración dos cargos de Presidente e Vicepresidente fixase por un período de 4 anos e serán renovados ó mesmo tempo que os dos vocais da Xunta de Goberno, coa excepción de que para o primeiro mandato, a partir da constitución da Comunidade, o cargo de Vicepresidente fixase por tres anos, coa finalidade de que os posto de Presidente e Vicepresidente non se renoven ó mesmo tempo (art. 217.1 do RDPH).

**Artigo 29.- DO
VICEPRESIDENTE E SECRETARIO DA
ASEMBLEA XERAL.**

- 1.- O Presidente é o representante legal da Comunidade de Usuarios. Son funcións específicas do Presidente:
- a.- Convocar, presidir e dirixi-las Asembleas Xerais.
 - b.- Autoriza-los actos e acordos da Asemblea, así como poñelo "visto e prace", as certificacións que o Secretario expida.
 - c.- Actuar en nome e representación da Comunidade de acuerdo coas disposicións ó respecto.

O voto do Presidente, a efectos de dirimi-los posibles empates nos acordos por votación da Xunta Directiva, será un voto de calidade.

- 2.- O Vicepresidente será o encargado de realizar as funcións do Presidente nos casos de

d.- Calquera outra facultade que lle veña atribuída polas disposicións legais e polo Estatuto da Comunidade.

- 2.- O Vicepresidente ocuparase das funcións atribuídas ó Presidente en casos de ausencia, enfermidade ou vacante.
- 3.- Pode ser Secretario da Xunta Directiva calquera vocal da mesma.

Corresponde ó Secretario:

- a.- Estender e anotar nun libro foliado e rubricado polo Presidente as actas e acordos adoptados pola Xunta de Goberno coa súa sinatura e a do Presidente.
- b.- Conservar e custodia-los libros e demais documentos, así como executar tódolos traballos propios do seu cargo e os que lle encomende a Xunta de Goberno ou o seu Presidente.

- 4.- O Tesoureiro levará a custodia dos fondos sociais da Comunidade e levará un libro de gastos e ingresos , que será presentado á Xunta de Goberno para a súa comprobación do estado de contas.

**Artigo 30.- DO PRESIDENTE
VICEPRESIDENTE E SECRETARIO DA XUNTA
DIRECTIVA.**

- 1.- Son atribucións específicas do Presidente:
- a.- Convocar, presidir e dirixi-las sesións da Xunta de Goberno, decidindo as votacións en caso de empate.
 - b.- Autoriza-las actas e acordos da Xunta, así como asinar e expedí-los libramentos de tesourería.
 - c.- Actuar en nome e representación da Xunta de Goberno, en toda clase de asuntos propios da competencia da mencionada Xunta.

vacante, ausencia ou enfermidade, ostentando a representación da Comunidade nestes casos.

3.- O Secretario da Comunidade exercerá as facultades e diligencias que lle sinalen este Estatuto, os Regulamentos ou a Asemblea Xeral.

En particular encargarase de:

- a.- Estender e anotar nun libro foliado, debidamente diligenciado e rubricado polo Presidente, as actas e acordos adoptados pola Asemblea Xeral, coa súa sinatura e a do Presidente.
- b.- Expedir certificacións co visto e prace do Presidente.
- c.- Conservar e custodia-los documentos da Comunidade.
- d.- Executar calquera outro traballo propio do seu cargo e os que lle poida encomenda-la Asemblea Xeral ou o seu Presidente.

- 4.- O tesoureiro-contador ocuparase, baixo as directrices que lle marque o Presidente, de leva-las contas de ingresos e gastos, así como de custodia-los fondos da comunidade.
- 5.- Los Vocales desempeñarán aquellas funcións que le encomienden la Xunta de Goberno.

TÍTULO VIII.- DO XURADO

Artigo 31.- COMPOSICIÓN

O Xurado estará composto por un Presidente, que será un dos vocais da Xunta de Goberno, e designado por esta, e por un máximo de catro vocais que elixirá a Asemblea Xeral. Actuará como secretario o que o sexa da Xunta de Goberno ou o que se designe nos Estatutos.

O Presidente convocará as sesións do Xurado que se celebrarán a iniciativa de el mesmo.

por denuncia, ou por solicitude da mayoría dos vocais.

A duración no cargo de xurado será de 4 anos.

Artigo 32.- COMPETENCIA

Ó Xurado correspóndeelle coñece-las cuestións de feito que se susciten entre os usuarios da Comunidade, no ámbito dos Estatutos, e imponer ós infractores as sancións regulamentarias, así como fixa-las indemnizacións que deban satisfacer ós prexudicados e as obrigacións de facer que poidan derivarse da infracción cometida (artigo 84.6 do TRLA).

Artigo 33.- PROCEDIMENTO

- Os procedementos do Xurado serán públicos e verbais e os seus, que serán executivos, consignaranse por escrito con expresión dos feitos e das disposicións

das Ordenanzas en que se funden, así como da contía da sanción, da indemnización, e dos custo no seu caso.

- Adoptará os seus acordos e dictará os fallos por mayoría absoluta, sendo necesario para a súa validez a concorrencia da mayoría dos membros.
- As sancións que impoña o Xurado serán pecuniarias, e o seu importe, que en ningún caso excederá o límite fixado no Código Penal para as faltas, aplicarase ós fondos da Comunidade.
- Contra as resolucións do Xurado poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o propio Xurado e con carácter previo a interposición do recurso contencioso-administrativo que procede contra estas resolucións (artigo 116 da LRXPAC e artigo 227 do RDPh).

TÍTULO IX.- RÉXIME ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO: PATRIMONIO SOCIAL EXERCICIO ECONÓMICO. CONTAS ANUAIS.

Artigo 34.- CAPITAL SOCIAL

O capital social estará integrado polo seguinte:

- a.- As achegas dos usuarios, equivalentes a 1.500,00 €, por cada comuneiro, ya aportados. A este capital aplicarase o incremento de prezos ó consumo (IPC) que anualmente publique o Instituto Nacional de Estatística.
- b.- O valor das instalacións, captacións, conduccións, pezas de reposto, ferramentas, etc...
- c.- Subvencións que se obteñan do Estado ou Comunidade Autónoma, provincia, concello ou doutros organismos públicos ou privados.
- d.- Créditos que se obteñan de Entidades públicas ou privadas.

- e.- As multas que poida impoñe-lo Xurado polas posibles infraccións que cometan.
- f.- En xeral, todo o que fose adquirido ou se adquira con bens ou fondos da Comunidade.

Artigo 35.- ACHEGAS ECONÓMICAS

As achegas económicas están constituídas polo seguinte:

- 1.- Achega inicial, especificando no presente artigo, apartado a), realizada previamente á adquisición da condición de usuario.
- 2.- Polas achegas de **30,00 €** por usuario e ano, ó que se lle aplicará o correspondente IPC, xa reseñado, a fin de constituir un fondo común para afronta-los pagos da Comunidade, dos seus gastos xerais e daquelas pequenas avarías, no caso de que estas sexan importantes efectuarase, pola Xunta de Goberno, un presuposto a fin de sometelo á deliberación da Asemblea Xeral, para a súa aprobación, se procede.

As achegas posteriores levaranse a cabo nos meses de xaneiro e febreiro de cada ano e as extraordinarias, se fose necesario, nos oito días seguintes á aprobación pola Asemblea Xeral, o incumprimento dos ingresos fará incorrer nas causas que determina o art. 7 do presente Estatuto e por decisión da Asemblea Xeral, poderá ser excluído forzosamente da Comunidade.

O exercicio social comezará o un de xaneiro e transcorrerá ata o trinta e un de decembro de cada ano, é dicir, fixarase por áños naturais. Por excepción o primeiro exercicio comezará no momento en que se considere oportuno plenamente constituída a Comunidade.

Con referencia ó último día de cada exercicio económico, a Xunta Directiva analizará as contas de ingresos e gastos e o balance de situación se procede, dentro do mes de febreiro, de cada ano, para a súa presentación e aprobación pola Asemblea Xeral, se así o considera oportuno.

Artigo 36.- FALTA DE PAGAMENTO D ACHEGAS

O usuario da comunidade que non efectúe pago das achegas que lle correspondan nos termos establecidos no Convenio, satisfará un recargo de 10% sobre a achega que tivese que efectuar, por cada mes que deixe transcorrer sen realizar o pagamento.

Transcorridos tres meses consecutivos se efectua-lo pago e os recargos poderáselle prohibir o uso da auga e efectúa-lo cobro pola vía de constrinximento, sendo de conta do moroso os gastos e prexuízos que se irroguen por dita causa.

Artigo 37.- RECURSOS ECONÓMICOS

A comunidade terá plena autonomía para a administración dos seus propios recursos,

conformidade coa lexislación vixente en cada momento.

A responsabilidade económica concretarase ó seu patrimonio social. Os seus recursos aplicaranse ós fins e actividades que lle son propios.

Para o cumprimento destes fins contarase cos seguintes recursos, se así o considera oportuno a Asemblea Xeral:

- a.- A cota de inscrición a pagar no acto de admisión do partícipe, e a cota periódica, ambas fixadas pola Asemblea Xeral.
- b.- As multas que pode imponer o Xurado ós usuarios por infraccións que cometan.
- c.- As rendas do seu patrimonio, se as houbese.
- d.- As doazóns, subvencións e achegas que poidan recibir de calquera ente público ou privado.
- e.- Calquera outro recurso obtido de conformidade coas disposicións legais.

Artigo 38.- EXERCICIO ECONÓMICO

O exercicio social comenzará o 1 de xaneiro e transcorrerá ata o 31 de decembro de cada ano, é dicir, fixarase por anos naturais. Por excepción do primeiro exercicio comenzará no momento en que se considere constituída plenamente a Comunidade.

Artigo 39.- CONTAS ANUAIS

Con referencia ó último día de cada exercicio económico, a Xunta de Goberno analizará as contas de ingresos e gastos e o balance da situación se procede, dentro dos catro primeiros meses de cada ano, para a súa presentación áprobación pola Asemblea Xeral, se así o considere oportuno.

TÍTULO X.- DAS INFRACCIÓN S E SANCIÓN S

Artigo 40.- INFRACCIÓN S

As infracções ó presente Estatuto que poidan comete-los usuarios da Comunidade de Anceu, terán carácter de leves, graves, e moi graves, atendendo á súa repercusión no aproveitamento das augas, á súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas e bens e ás circunstancias do responsable, o seu grao de malicia ou reincidencia, participación e beneficio obtido así como ó deterioro producido en calidade do acuífero ou instalacións.

Só poderán ser obxecto de sanción as infracções tipificadas como tales nestes Estatutos, a falta de tipicidade nunha conducta converteña en non sancionable (artigo 129.4 da LRXPAC) , salvo que se proceda á modificación do convenio e das infracções nel tipificadas.

Artigo 41.-

1.- Considéranse infraccións leves:

a.- Causar danos nos bens da Comunidade de Usuarios **Anceu** ou nos elementos das instalacións en contía non superior a **120,00 euros**.

b.- A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais.

c.- Non ingresar na conta da Comunidade nos prazos previstos as cantidades correspondentes ás derramas, as acordadas con carácter obligatorio pola Asemblea Xeral, as compensatorias por falta inxustificada de achega de traballo persoal ou as correspondentes a calquera sanción pecuniaria, así como as indemnizacións e costas no seu caso.

d.- Impedir ou entorpece-la equitativa distribución ou o abastecemento de auga entre tódolos comuneiros.

e.- Pactar repartos de auga non establecidos regulamentariamente áinda cando estes non excedan a disponibilidade que no seu conxunto lle corresponda legalmente.

f.- Aproveitar para o seu beneficio máis cantidade de auga que aquela que pola súa quenda lle corresponda.

2.- Considéranse infraccións graves:

a.- Causar danos nos bens da Comunidade de Usuarios de **Anceu** ou nos elementos das instalacións en contía comprendida entre **120,01 €. e 300,00 €.**

b- A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución de augas..

c.- Opoñerse a que a conducción da auga pase pola finca dalgún dos usuarios ou esix a cambio compensacións ou dereitos que afecta ó ben común.

d.- Negarse a ser membro da Xunta de Goberno da Comunidade, agás caus xustificada ou forza maior.

e.- Contaminación ou vertidos das augas.

f.- A reincidencia por unha soa vez en calquera das infraccións cualificadas como leves.

3.- Considéranse infraccións moi graves:

a.- A reincidencia en calquera das infraccións consideradas como graves e a reincidencia múltiple naquelas consideradas como leves

b.- A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución da auga, da que a valoración estea comprendida entre 300,01 € e 450,00 €.

c.- Causar danos nos bens da Comunidade de Usuarios de Anceu ou nos elementos das instalacións.

Artigo 42.- AS SANCIÓNNS

As indemnizacións que se fixan como sancións ás infraccións do artigo anterior son as que se indican a continuación:

a.- Ás infraccións leves corresponderánlle sancións pecuniarias de 90,00 € a 120,00 €, que impoñerá o Xurado, e corte do abastecemento de auga ata 15 días.

b.- Ás infraccións graves corresponderánlle sancións pecuniarias de 120,01 € a 240,00 €,

que impoñerá o Xurado, e corte abastecemento de auga de 15 á 30 días.

c.- Ás infraccións moi graves corresponderán sancións pecuniarias **240,01 € a 450,00 €**, que impoñerá o Xurado corte do abastecemento de auga dun mês a tres meses.

d.- Tódalas sancións poderán ser complementadas no seu caso, co impoñer das indemnizacións e as costas procedese, e coa prohibición do uso da auga en tanto non sexan satisfeitas.

e.- No caso de infraccións moi graves poderase acorda-la expulsión definitiva da Comunidade.

A contía das indemnizacións poderá ser modificada anualmente por aprobación coa maioría absoluta da Asemblea Xeral proposta do Xurado.

Artigo 43..

As infraccións e as sancións prescriben segundo os prazos establecidos na normativa aplicable, si nesta non se fixan prazos as infraccións moi graves prescriben ós tres anos, as graves ós dous anos, e as leves ós seis meses; e as sancións das infraccións moi graves prescriben ós tres anos, as das graves ós dous anos, e as das leves ó ano; segundo o artigo 132 da LRXPAC.

Artigo 44.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR

As sancións serán comunicadas por escrito ós infractores pola Xunta Directiva nun prazo máximo de 15 días contados a partir do seguinte ó que se teña coñecemento da infracción.

O procedimento sancionador terá unha duración máxima entre a incoación e a notificación de seis (6) meses.

O importe das sancións será ingresado calquera dos procedementos habituais do mercna conta social que ó efecto teña aberto Comunidade en calquera entidade financeira dentro do prazo de 15 días contados a partir da seguinte a que se reciba a notificación da sanción.

Tanto o importe das sancións como as responsabilidades a que houvese lugar, poden ser esixidos pola vía administrativa conxirmamento con acordo da Xunta de Goberno e poderase prohibi-lo uso da auga mentres sexa satisfeito.

Con independencia das sancións que sexan impostas, os infractores poderán obrigados a reparar os danos e prever os ocasionados á Comunidade, así como a reposicioná-las ó seu estado anterior.

TÍTULO XI.- DA COMUNIDADE EN XERAL E REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 45.-

Os acordos dos Órganos da Comunidade de Usuarios serán adoptados por mayoría de votos dos asistentes unha vez constituída validamente a Asemblea ou a Xunta de Goberno, segundo o artigo 26.4 da LRXPAC.

Artigo 46.-

Os acordos tomados pola Xunta de Goberno no ámbito das súas competencias, serán executivos, sen prexuízo da súa posible impugnación mediante a interposición de Recurso de Alzada ante o Organismo de conciliação no prazo DUN (1) MES, a partir da súa comunicación ó interesado (artigos 84.5 do TRLA en relación co 107 e 114 da LRXPAC).

Artigo 47.-

- 1.- As comunidades de Usuarios poderán solicitar ó Organismo de conca o auxilio necesario para o cumprimento dos seus acordos, relacionados coas funcións de administración, policía e cumprimento das normas do Estatuto.
- 2.- As obrigas de facer, imposta regulamentariamente ós comuneiros, que non tiveran carácter persoalísimo, poderán ser executadas subsidiariamente no caso de incumprimento pola Comunidade transformándose a obrigación de facer na de paga-los gastos e prexuízos correspondentes, que poderán esixir pola vía administrativa de constrinximento.
- 3.- Para a aplicación do procedemento de consentimento, as comunidades terán facultade de designa-los seus axentes recadadores, dos que o nomeamento

comunicarase ó Conselleria de Economía e Facenda, quedando sometidos ás autoridades delegadas do mencionado Departamento en todo o que faga referencia á tramitación do procedemento, se ben a providencia de constrinximento haberá de ser dictada polo Presidente da Comunidade. As comunidades poderán solicitar do mencionada Conselleria que a recadación se realice por medio dos órganos executivos do mesmo.

Artigo 48.-

- 1.- As comunidades de usuarios serán beneficiarias da expropiación forzosa e da imposición das servidumes que esixan o seu aproveitamento e o cumprimento dos seus fins (artigo 83.2 do TRLA).
- 2.- Poderán solicitar do Organismo de conca que de conformidade coas disposicións vixentes, se declaren de utilidade pública os

aproveitamentos de que son titulares ou en execución singularizada de determinadas obras ou proxectos.

- 3.- Obtida a declaración de utilidade pública poderán solicitar do Organismo de conca expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polas obras ou proxectos declarados de utilidades públicas tramitándose os respectivos expedientes de acordo coa lexislación da expropiación forzosa.

Artigo 49.-

- 1.- As comunidades virán obrigadas a realizar as obras e instalacións que a Administración les ordene, a fin de evita-lo mal uso da auga ou o deterioro do Dominio Público Hidráulico podendo o Organismo de conca competente suspender a utilización da auga ata que aquelas se realicen (artigo 83.3 do TRLA).

2.- Os gastos de limpeza, sistemas de captación e conducción así como os de explotación, mellora, e conservación, serán sufragados polos beneficiarios por partes iguais.

3.- No caso de que os traballos se realizaran por os comuneros, éstes terán a obriga de asistir, si non o faceran se les pasará un recibo por o importe de sesenta (60) euros, por día de ausencia o trabalho.

Artigo 50.-

1.- A iniciativa para reforma-lo presente Convenio poderá ser tomada pola Xunta de Goberno ou pola cuarta parte, alomenos, dos comuneiros da comunidade, mediante a presentación do texto alternativo acompañado de solicitude de convocatoria dunha Asemblea Xeral, con ese único punto na orde do día.

2.- O Presidente achegará na convocatoria desa Asemblea Xeral, o texto alternativo proposto.

3.- A reforma aprobarase por maioría absoluta de votos dos membros da Asemblea Xeral en primeira votación e por maioría absoluta dos votos dos partícipes presentes na segunda votación.

Artigo 51.- MOCIÓN DE CENSURA

A Asemblea Xeral en reunión extraordinaria solicitada aló menos pola terceira parte dos votos da Comunidade, poderá aprobar por maioría absoluta dos votos, unha moción de censura contra todos ou calquera dos cargos elixidos segundo o réxime electoral previsto no Estatuto.

Se a moción resulta aprobada, ditos cargos continúan ata a celebración de novas eleccións que deberán efectuarse no prazo de Un (1) mes contar dende a aprobación da moción.

Se non resulta aprobada os seus signatarios durante o mesmo mandato electoral non poderán presentar outra.

Artigo 52.- RÉXIME ELECTORAL

Para elixir ós cargos da Comunidade en Asemblea Xeral, o Presidente da Comunidade ordenará que se inclúa na orde do día a celebración de eleccións e os cargos a prover.

O voto será libre, individual e secreto e corresponderá a cada un dos usuarios.

Confeccionaranse as listas de electores (tódolos usuarios) que se exporán no taboleiro de anuncios do concello para que se poidan efectuar as rectificacións oportunas que serán resoltas pola Xunta de Goberno. Posteriormente publicaranse as listas definitivas, e a continuación presentaranse as candidaturas para os postos vacantes.

A votación realizarase ós 20 días da publicación das listas, cumprindo os trámites da Régime Electoral Xeral, levando a cabo posteriormente o escrutinio dos votos —que se público— e proclamando os candidatos que obtivesen maioría absoluta para os cargos. De non gañar por maioría absoluta celebrarase outra votación entre os más votados gañando o que obtivese maior número de votos.

TÍTULO XII.- DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA COMUNIDADE

Artigo 53.-

As comunidades de usuarios extinguiranse nos seguintes casos:

- a.- Por expiración ou prazo de concesión, non foi prorrogado.
- b.- Por caducidade da concesión.

- c.- Por expropiación forzosa da concesión.
- d.- Por fusión noutra Comunidade.
- e.- Por resolución do Organismo de Concessión adoptado en expediente sancionador.
- f.- Por desaparición total ou nas súas $\frac{3}{4}$ partes, alomenos, dos elementos obxectivos ou reais, agás que os comuneiros non afectados acorden mante-la Comunidade coa modificación do seu Estatutos e da inscrición rexistral.
- g.- Por renuncia ó aproveitamento, formulada, alomenos, polas $\frac{3}{4}$ partes dos comuneiros, salvo que os que non renunciaran acorden mante-la comunidade coa modificación do Estatutos e da inscrición rexistral.

Artigo 54.- LIQUIDACIÓN

Unha vez aprobada a extinción da Comunidade procederá esta á liquidación dos seus bens patrimoniais, con arranxo disposto no Código Civil para a liquidación das sociedades.

DISPOSICIÓN FINAL

- 1.- Os presentes Estatutos, unha vez aprobados en Asemblea Xeral convocada ó efecto, entrarán en vigor ó día seguinte da sua aprobación polo Organismo de Conca.
- 2.- Estes Estatutos non dan á Comunidade de Usuarios de Anceu nin a ningún dos seus membros, dereito algúns que non teñan concedido polas Leis, nin lles privan dos que con arranxo ás mesmas lles correspondan.
- 3.- Estes Estatutos interpretarase e aplicaranse de acordo cos usos e disposicións legais

vixentes, quedando sempre a salvo o seu carácter imperativo.

A facultade de interpretar estes Estatutos concédese á Xunta de Goberno, sen prexuízo da superior competencia da Asemblea Xeral. A tal fin tanto unha como a outra, poderán solicita-lo asesoramento, informe ou dictame de Letrados e Técnicos que estimen conveniente, sendo de conta común os gastos que tales consultas orixinen.

-----ooooooo-----